

# AULA DE RENOVACIÓN URBANA E REHABILITACIÓN 2007-2008



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Turismo



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,  
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES  
Dirección Xeral de Urbanismo



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO  
Dirección Xeral de Fomento  
e Calidade da Vivenda



No momento actual, a discusión sobre o desenvolvemento urbano e a pegada ecolóxica e cultural que iso produce no contorno –territorio–, conduce a novas liñas de pensamento que fan que as cidades tomen como modelo de crecemento a compacta e xa consolidada.

A crises da cidade “moderna”, que non crea relacións espaciais á escala xusta, nin vínculos entre os cidadáns, que é estragadora de enerxías, fainos voltar a cabeza cara ás cidades históricas.

Este concepto, o de cidade histórica, evolucionou rapidamente nos últimos tempos, incluíndo actualmente, por exemplo, tecidos residenciais e industriais do século XX e, tamén, os crecements urbanos sucesivos, ou ensanches, estruturados en torno a un cerne antigo que lles serviu de semente.

A *Aula de Renovación Urbana e Rehabilitación* é un obradoiro ou taller práctico, con soporte teórico, de reflexión sobre o feito urbano e a súa complexa relación co territorio.

O seu obxecto principal é que os participantes adquiran experiencia e criterio no eido do traballo nos núcleos históricos, nos problemas da súa conservación e vitalidade e, ao mesmo tempo, a capacidade de acción coherente cos actuais modos de vida e o desenvolvemento urbano responsable.

O traballo, práctico e de reflexión, realízase en equipos pluridisciplinares con desenvolvemento individual de temas complementarios. Os temas de equipo varían dende a rehabilitación de edificios con uso de vivenda ata a recuperación de espazos urbanos degradados. Os individuais axústanse á especialidade de cada participante, dende o estudo de detalles construtivos ata memorias de investigación sobre termos da construción ou técnicas que se están a perder, ou cuestións legais ou administrativas relacionadas cos proxectos.

Nas súas diferentes modalidades a Aula está dirixida a todos os axentes que participan nos procesos de renovación urbana e rehabilitación: arquitectos, arquitectos técnicos, historiadores, historiadores da arte, xeógrafos, economistas, arqueólogos, enxeñeiros, enxeñeiros técnicos, avogados, técnicos ao servizo das administracións públicas e funcionarios, etc., ademais de construtores, aplicadores de técnicas como albaneis, pintores, canteiros ou carpinteiros e outros, ademais dos técnicos das empresas.

## Estrutura

A *Aula de Renovación Urbana e Rehabilitación* ten unha duración de 500 h, e o seu programa componse de tres módulos de clases teóricas e máis do traballo no taller.

**Módulo I. Construción e aplicación de técnicas:** 130 h (13 créditos).  
Técnicas e prácticas: Apeos e desmontaxes, estudos previos e toma de datos, revocaduras, pinturas, acondicionamentos acústico e térmico, arquitectura bioclimática, humidades, tellados, madeira e carpintaría, instalacións, xardinaría e pavimentos, bens móbiles.

**Módulo II. Vivienda, cidade e territorio:** 95 h (9,5 créditos).  
Reflexión sobre a cidade: a súa evolución histórica, participación cidadá, a calidade do espazo urbano, análises tipolóxicas, técnicas aplicadas de estudo da cidade, mobilidade, cidade e vivenda, a paisaxe urbana.

**Módulo III. Xestión e políticas urbanas:** 45 h (4,5 créditos).  
As estratexias para afrontar os problemas urbanos, estratexias: axenda XXI, turismo, cidades patrimonio da humanidade, áreas de rehabilitación, exemplos noutros países.

**Taller:** 230 h (23 créditos).  
Traballo práctico sobre proxectos reais e visitas a obras relacionadas cos temas da

Aula.

A Aula ten o recoñecemento de Master en Renovación Urbana e Rehabilitación pola Universidade de Santiago de Compostela. Os módulos que a compoñen teñen o de Cursos de Experto e de Perfeccionamento.

## Calendario e horario

A Aula de Renovación Urbana e Rehabilitación terá lugar en Santiago de Compostela entre o 19 de outubro de 2007 e o 27 de xuño de 2008, co horario seguinte:

- xoves de 16:00 a 20:30,
- venres de 10:00 a 14:30 e de 16:00 a 20:30,
- sábados de 10:00 a 14:30.

## Matrícula

A matrícula pode realizarse tanto no conxunto do Máster como en calquera dos tres módulos que o compoñen, así mesmo recoñecidos pola Universidade de Santiago de Compostela nas modalidades de Experto e Perfeccionamento. O calendario e o proceso de matrícula son os mesmos para todos os cursos: Presentación de solicitudes: entre o 3 e o 28 de setembro de 2007  
Selección de alumnos: o 3 de outubro de 2007  
Matrícula: entre o 8 e o 19 de outubro de 2007  
A entrega de solicitudes de admisión farase na sé da CAT, Comisión de Asesoramento Tecnolóxico do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Master: Aula de Renovación Urbana e Rehabilitación  
CAT  
Rúa do Vilar, 21-3º  
15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 08 / 981 55 24 06  
Fax: 981 57 79 46

## Máster en Renovación Urbana e Rehabilitación (M-767)

Dedicación: 50 créditos (500 h)  
Prezo: 1.500 €  
Número máximo de alumnos: 32  
Titulación de acceso: Arquitecto, Arquitecto Técnico, Licenciado ou Diplomado Universitario (o 70% das prazas resérvase para arquitectos e arquitectos técnicos)

## Curso de experto en construción e aplicación de técnicas (F-7Ro)

Dedicación: 13 créditos (130 h)  
Prezo: 390 €  
Número máximo de alumnos: 18  
Titulación de acceso: Arquitecto, Arquitecto Técnico, Licenciado ou Diplomado Universitario.  
Nota: Admitiranse alumnos que non dispoñan destes títulos. Nestes casos, poderán seguir o curso, aínda que non poderán acceder ao título oficial da Universidade de Santiago. Terán diploma de asistencia. O prezo será de 50 € por seminario.

## Curso de perfeccionamento en vivenda, cidade e territorio (F-7R1)

Dedicación: 9,5 créditos (95 h)  
Prezo: 285 €  
Número máximo de alumnos: 18  
Sen titulación específica de acceso.

## Curso de perfeccionamento en xestión e políticas urbanas (F-7R2)

Dedicación: 4,5 créditos (45 h)  
Prezo: 135 €  
Número máximo de alumnos: 18  
Sen titulación específica de acceso.

## Profesorado e responsables

### Profesores titores

Ricardo Aroca Hernandez-Ros; Manuel Gallego Jorreto; José Luis Gonzalez Moreno-Navarro; Francesc-Xavier Monteys i Roig; Enrique Nuere Matauco; Domingo Luis González Lopo; Xosé Santos Solla; Miguel Taín Guzman.

### Profesores

José Antonio Aldrey Vázquez; Ane Barrutia Mendizábal; Idoia Camiruaga Osés; Antonio José Campesino Fernández; Lourdes Campos Romero; Miguel Ángel Castillo Oreja; Belén María Castro Fernández; Ignacio Cerrada González; Alberto Cuchi i Burgos; Juan Luis Dalda; Francisco Escarpa Sánchez-Garnica; Xerardo Estévez Fernández; José Luis Fernández Cabo; Miguel Ángel Fernández Madrid; Joaquín Fernández Madrid; Begoña Fernández Rodríguez; Gustavo Ferreiro Martínez; Oriol García; Celestino García Braña; Ignacio García Casas; Soledad García Morales; Aurora García-Boente Carro; Alexandra Gesta; Jesús González Pérez; Begoña Iriarte Campo; Pablo Latorre González-Moro; Rubén Camilo Lois González; Víctor López Coteló; Roxelio López Romero; Marcos López Sánchez; Federico López Silvestre; José Manuel López Suárez; Clara Lucattelli Caucci von Saucken; Ramón Lueje Espina; Pep Llinás i Carmona; Isabel Martí Rodríguez; Alfredo José Morales Martínez; Josep Montesinos Martínez; Carlos Mosquera Roel; Francisco Javier Neila González; Encarna Otero Cepeda; José Otero Pombo; César Portela Fernández-Jardón; Cristina Ouzande Lugo; Ángel Panero Pardo; Ignacio Paricio Ansuátegui; Lourdes Pérez Castro; Petros Petsimeris; María José Piñeira Mantiñán; María Felisa Ramírez Martín; Javier Ramos Guallart; José Antonio Redondo López; Juan Requejo Liberal; Gonzalo Rey Lama; Román Rodríguez González; Gonzalo Rodríguez Rodríguez; Antonio Roma Valdés; Berta Rosón López; Jesús Ángel Sánchez García; Ana Sánchez-Ostiz Gutiérrez; María Luisa Sobrino Manzanares; Miguel Suárez Regueiro; María Suárez-Inclán García de la Peña; Eva Subías Pascual; Pablo Tomé Ferreiro; Manuel Touza Vázquez; Miguel Ángel Troitño Vinuesa; Alfredo Vigo Trasancos; José Manuel Villanueva Prieto; Anxel Viña Carregal; Florencio Zoldo Naranjo.

### Entidades promotoras (por orde alfabética)

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia; Concello de Santiago; Consorcio de Santiago; Consellería de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Turismo; Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Dirección Xeral de Urbanismo; Consellería de Vivenda, Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda; Federación Galega de Municipios e Provincias -FEGAMP; Universidade de Santiago de Compostela.

### Colaboradores

Áreas de Rehabilitación dos Concellos de: A Coruña, Allariz, Baiona, Betanzos, Cambados, Cangas, Castro Caldelas, Celanova, Corcubión, Chantada, Ferrol, Lourenzá, Lugo, Mondoñedo, Monforte, Muros, Neda, Noia, Ourense, Padrón, Poio, Ribadavia, Ribadeo, Santiago de Compostela, Sarria, Tui, Verín, Vigo, Vilalba, e Viveiro.

### Directores

Idoia Camiruaga Osés  
Miguel Taín Guzmán

### Coordinadores

Oscar Andrés Quintela  
Iago García Suárez

### Secretaría

Sagrario Abelleira

### Información e contactos

Sagrario Abelleira  
Teléfono: 664 00 04 63  
E-mail: info@renovacionurbana.net

CAT  
Teléfono: 981 55 22 08 / 981 55 24 06  
E-mail: formacion@coag.es

www.renovacionurbana.net